



Tarefa final: un artigo de opinión eloxiando unha persoa

obxectivos

- Falar do pasado
- Valorar accións
- Argumentar
- Falar do carácter das persoas
- Organizar cronoloxicamente o discurso
- Escribir con corrección nun rexistro formal

1. O meu heroe

Todos temos a alguén que admiramos, que pensamos que é un heroe. Cal é o teu? Pensa nas razóns que fan que sexa o teu heroe. Aquí tes algúns exemplos para empezar:



A Bela Otero, Carolina Otero chamábase realmente Agustina Otero Iglesias (4 de novembro, 1868 - 12 de abril, 1965) e foi unha célebre actriz e bailarina de orixe galega. Nacida en Ponte de Valga, Pontevedra, os seus apelidos son os da súa nai, xa que nunca foi recoñecida polo seu pai. Dada a súa difícil situación, xa de nena foi traballar de criada a Santiago de Compostela. Aos dez anos, sufriu unha violación que a deixaría estéril e, aos catorce, namorada do seu compañeiro de baile Paco, foxen a Lisboa, onde traballaron de bailaríns ata que este a abandonou. Seguíndoo, chega a Barcelona, onde en 1888 un banqueiro se empeña en facela triunfar como bailarina en

Francia. Vai con el a Marsella para axiña abandonalo e comezar a converterse en Carolina, A Bela Otero, unha xitana de Cádiz. Perseveraría neste papel toda a súa vida, e con el chegou a ser a estrela do Folies Bergère en París e a ser a muller máis desexada de Europa. A condición da muller no espectáculo daquela era difícil e, normalmente, é considerada unha cortesá que se relacionou co máis destacado da aristocracia europea: o rei Eduardo VII de Inglaterra, o tsar Nicolao II e Gabriele d'Annunzio. Retírase en 1910 e dilapida a súa fortuna no Casino de Montecarlo, para irse afundindo cada vez máis na pobreza.



Alexandre Campos Ramírez, coñecido como Alexandre de Fisterra, nado en Fisterra en 1919 e falecido en Zamora o 9 de febreiro de 2007, foi un editor, escritor, inventor, republicano e testamenteiro de León Felipe.

Un dos dez fillos do radiotelegrafista de Fisterra, Alexandre, viviu nesa vila da Costa da Morte ata os cinco anos, para se trasladar despois á Coruña. Aos quince anos marchou estudar o bacharelato a Madrid.

Unha vez alí, a zapataría do seu pai quedou arruinada polo que, ao non poder pagar o colexio privado no que estudaba, o director púxoo a corrixir os deberes dos párvulos, pagando así a matrícula. Tamén traballou na construción como peón de albanel, como bailarín de claqué e despois nunha imprenta. Ademais, foi nesta cidade onde coñeceu a León Felipe (do que sería testamenteiro) que, xunto con Rafael Sánchez Ortega, editaron o

xornal Paso a la juventud, para vendelo pola rúa.

En novembro de 1936, quedou sepultado nun dos bombardeos de Madrid durante a Guerra Civil española. Primeiro levárono a Valencia, pero como as súas feridas eran graves, finalmente trasladárono a un hospital de Monserrat. Alí coñeceu moitos nenos feridos coma

el, incapaces de poder xogar ao fútbol e foi daquela cando pensou no fútbol de mesa, inspirándose no tenis de mesa. Alexandre confioulle ao seu amigo Francisco Xavier Altuna, un carpinteiro vasco, a fabricación do primeiro fútbol de mesa seguindo as súas instrucións. Non obstante, non puido vender o invento a nivel industrial xa que todas as fábricas de xoguetes, a maioría en Valencia, estaban a fabricar armas de verdade por mor da guerra. Patentou a invención en Barcelona en xaneiro de 1937, ao igual ca o primeiro pasafollas de partituras movido co pé que fixo para unha rapaza pianista da que estaba namorado. Non obstante, por mor do triúnfo franquista na guerra, tivo que se exiliar a Francia cruzando a pé os Pireneos e, debido a que estivo a chover durante dez días, perdeu a patente que levaba no macuto.

Estando xa en París, no ano 1948, e grazas á patente do pasafollas, conseguiu gañar uns cartos cos que puido marchar a Quito (Ecuador), onde fundou a revista Ecuador 0°, 0', 0", coa que dedicaba cada número a poetas dun país. Máis tarde, en 1952, foi a Guatemala, concretamente a Cabo de Santa María, e alí, despois de mellorar o fútbol de mesa, comezou a fabricalos, co que fixo un bo negocio. Alí foi ademais onde xogou partidas contra o Che Guevara. Isto acontecería mentres había democracia no país, xa que tras o golpe de estado do coronel Carlos Castillo Armas, por mor da súa ideoloxía de esquerdas, foi roubado e secuestrado, quedando sen nada.

Axentes especiais españois embarcárono pois nun avión en dirección a España, pero el puido escapar, refuxiouse nos lavabos do avión e construíu unha bomba ficticia envolvendo xabón con papel de aluminio. Con esa "bomba" ameazou a tripulación e gañou o favor dos viaxeiros logo de dicirlles que era "un refuxiado español". O avión desviouse a Panamá, no que foi un dos primeiros secuestros de avión.

Cando volveu a España, logo de morrer Franco, sorprendeuse ao ver que o fútbol de mesa se estendera amplamente, malia que gran parte desta divulgación se debera ao feito de que os fabricantes valencianos asumiran o xogo como nacional. Convenceu a editorial Alianza para reimprimir as obras completas de León Felipe e traballou intensamente na divulgación da obra deste poeta, de quen xestionaría a herdanza como testamenteiro. Residiu en Aranda de Duero (Burgos) e despois trasladaríase a Zamora, onde faleceu, na súa casa do barrio de Pinilla, á idade de 87 anos. As súas cinzas foron espalladas no río Douro ao seu paso pola cidade de Zamora e no Atlántico en Fisterra. Era membro non numerario da Real Academia Galega.



Salvador de Madariaga y Rojo (A Coruña, 23 de xullo de 1886 - Locarno (Suíza), 14 de decembro de 1978) foi un diplomático, escritor, historiador e pacifista galego.

Durante a Segunda República española, foi ministro de Instrución Pública (1931-1934) e de Xustiza (1934). Foi un dos cofundadores, en 1949, do Colexio de Europa.

Salvador de Madariaga era un dos once fillos do coronel José de Madariaga. Convencido este de que unha das causas da derrota de España na guerra hispano-americana de 1898 era o atraso tecnolóxico, enviou o seu fillo, ao cumprir catorce anos, a Francia, a estudar enxeñaría, como formación para a ocupación tradicional da súa familia, a milicia.

Durante os once anos seguintes, desenvolveu a súa formación no Collège Chaptal, a École Polytechnique e a École Nationale Supérieure des Mines, ata conseguir a súa graduación en 1911.

Durante a súa estancia en Francia, transitou dende a técnica cara ao humanismo, o que o levaría posteriormente a ser o

español máis coñecido e recoñecido en Europa.

Tras graduarse, no canto de seguir a carreira militar, conseguiu un posto de enxeñeiro na Compañía dos Ferrocarrís do Norte. En Madrid, estableceu relación cos intelectuais do movemento posrexeneracionista, na súa maioría republicanos, e comezou a escribir na prensa madrileña sobre temas literarios e políticos. Pronto foi considerado parte do grupo de intelectuais que posteriormente sería coñecido como a Xeración do 14. Encabezado por José Ortega y Gasset, e con Manuel Azaña, Fernando de los Ríos, Américo Castro e Luís Araquistáin, formaron a Liga de Educación Política, da que xurdiron o semanario España e, posteriormente, o diario El Sol.

Mentres tanto, visitou Inglaterra en 1910, engadindo unha dimensión anglofílica á súa xa patente francofilia. Esta inclinación acentuouse ao casar en 1912 con Constance Archibald, unha historiadora escocesa á que coñecera en París.

Durante a Primeira Guerra Mundial, o Goberno británico, que lle prestara apoio financeiro a España, dirixiuse a Araquistáin en busca de alguén que escribise dende un punto de vista aliadófilo especificamente para o público español. Araquistáin recomendou a Madariaga, que deixou o seu emprego e foi vivir a Londres, onde comezou a escribir para o Departamento de Información do Ministerio de Asuntos Exteriores británico. Os seus artigos eran distribuídos en España pola Axencia Anglo-Ibérica.

Ao finalizar a guerra, volve a España e retoma a súa profesión de enxeñeiro de minas, que compaxina coa tradución e a redacción de artigos para o suplemento literario do The Times e para o Manchester Guardian. En 1921, convence un tío seu, deputado, para que o recomendase para un posto de asesor temporal da Conferencia sobre Tránsito da Sociedade de Nacións, que debía reunirse en Barcelona na primavera dese ano.

O secretario xeral e o presidente da conferencia quedaron tan impresionados que lle ofreceron un posto na oficina de prensa da Secretaría da Sociedade de Nacións. A súa brillantez e o seu coñecemento de idiomas levárono, en decembro de 1922, a ser xefe do Departamento de Desarme da Sociedade de Nacións, cargo que ocuparía ata 1927. En 1928, converteuse en profesor de español na Universidade de Oxford, posto que desempeñou durante tres anos. Durante ese período, escribiu tres libros sobre a psicoloxía das nacións, en inglés: Englishman (inglés), Frenchman (francés) e

Spaniard (español). En 1931, o Goberno provisional da República designouno embaixador de España nos Estados Unidos e delegado permanente na Sociedade de Nacións, cargo que exerceu durante cinco anos. Entre 1932 e 1934, compaxinou o seu cargo na Sociedade de Nacións co de embaixador en Francia. En 1933, foi elixido deputado, sendo ministro de Educación e ministro de Xustiza. En xullo de 1936, como liberal que era, exiliouse no Reino Unido ante o estalido da Guerra Civil española. Alí converteuse nun opositor á ditadura franquista e organizou todo tipo de campañas en contra do ditador. Foi un dos cofundadores, en 1949, do Colexio de Europa en Bruxas, Bélxica.

En 1962, participou, con outros moitos españois, no congreso do Movemento Europeo en Múnic, que o réxime franquista denominou o Contubernio de Múnic.

Polo que se refire á súa carreira como escritor, escribiu libros sobre Don Quixote, Cristovo Colón e a historia de América Latina. Escribiu en francés e alemán, así como en castelán e inglés.

Militou a prol dunha Europa unida e integrada. En 1973, gañou o premio Carlomagno polas súas contribucións á idea europea e á paz europea. Tras a morte de Franco, en 1976 volveu a España e asumiu formalmente a súa cadeira na Real Academia Española, electo en 1936, ao dar lectura do seu discurso de ingreso. A Fundación Europea Madariaga (creada en 1998 a iniciativa de antigos alumnos do Colexio Europa) tomou o seu nome en memoria súa, promovendo a súa visión dunha Europa unida traballando a prol dun mundo máis pacífico.

Foi nominado en ata nove ocasións ao Premio Nobel da Paz, aínda que non o gañou en ningunha das ocasións.



Prisciliano (?, c. 340 - Tréveris, 386) foi un hispano, concretamente galaico-romano, aínda que non se coñece exactamente o seu lugar de nacemento. Próspero de Aquitania, preséntao como tal, pero a Gallaecia de Diocleciano é maior que a Galicia actual, chega ata o que é hoxe Euskadi, pero é indubidable que foi no actual territorio galego onde máis persistiron as súas ideas e adeptos tras a súa morte.

Naceu no seo dunha familia de terratenentes e culta, pertencente á mais alta aristocracia da Gallaecia romana (incluso, algúns sinalan que senatorial), como moitos dos seus discípulos (Felicísimo, Armenio, Latroniano, Eucroacia, Asarbo e Aurelio). Formouse en Bordeos e un dos seus mestres foi Delphidius. Era ascético e vexetariano. Despois duns anos de vida mundana, comeza unha conversión á vida ascética e empeza a predicar un cristianismo que negaba a existencia do misterio da Trindade e que lle daba prioridade ao estudo dos textos sagrados, coñecido como priscilianismo, claramente emparentado co gnosticismo.

Defende a igualdade entre homes e mulleres respecto da participación activa nos templos. Predica a abstinencia de alcol e carne. Non prohíbe o matrimonio de monxes e clérigos, aínda que recomenda o celibato. Condena a escravitude. Utiliza o baile como parte da liturxia.

Nomeado bispo de Ávila no ano 380, o concilio de Zaragoza dese ano condenara por herexía algunha das súas prácticas. Redactou tratados para defender as súas doutrinas e viaxou a Roma para entrevistarse co Papa, pero non o consegue. No 385, o emperador chamouno a Tréveris para se defender das acusacións dos seus adversarios. No 386, foi desterrado e xulgado en Tréveris e, mediante decreto do emperador Magno Clemente Máximo, foi condenado a morte por bruxería e herexía e decapitado e guindado da Porta Nigra (tradición), xunto con catro dos seus discípulos. Foi o primeiro axustizado por herexía do cristianismo. Curiosamente, o propio emperador Máximo foi executado tres anos despois por orde de Teodosio I.

As súas ensinanzas contaron con numerosos seguidores, foron acollidas polo pobo en todo o noroeste peninsular durante a súa vida e con posterioridade, influencia que chegou ata o século VI. Tempo despois da súa morte, realizáronse varios concilios co tema principal de erradicar a súa doutrina, fortemente enraizada no pobo, como ocorreu no Concilio de Toledo do ano 400 (onde os bispos de Astorga e Braga lle prestan apoio militante), ou os concilios I e II, do 561 e 572, de Braga (onde se conteñen anatemas contra proposicións priscilianistas). A mediados do século V, a presión dos priscilianistas obriga ao exilio ao bispo de Celenes (Caldas de Reis).

Incluso un século despois da súa morte, Hidacio atacará a súa doutrina con rabioso sentir, ou anteriormente Orosio verase na obriga de defender o seu posicionamento antipriscilianista. Incluso o IV Concilio de Toledo (683) condena como lacra prisciliana o delirante pecado de non cortar o pelo dos clérigos galegos.

Propugnaba a igualdade entre home e muller, así como o uso dalgúns evanxeos apócrifos, como o de San Tomé, así como a eliminación da xerarquía eclesiástica. Foi acusado de animista.

É autor duns tratados publicados por primeira vez en 1889, xa que foron atopados pouco antes na Universidade de Bestford.

Por Sulpicio Severo sabemos que o seu corpo, xunto cos dos seus discípulos, volve a Hispania e, en 1900, un eminente haxiógrafo francés, Mons. Louis Duchesne, fai a hipótese ou insinuación (pouco científica) de que foi el o enterrado no sepulcro do Apóstolo Santiago, recollida a partir de entón por numerosos autores. Isto ten pouca credibilidade xa que, segundo Isidoro Millán González-Pardo, o sepulcro central do Apóstolo e o mosaico de mármore que o cobre pertencen á segunda metade do século II.

A Xeración Nós recuperará a súa figura, salientándoa na historia de Galicia como figura fundamental.

Vendo a súa biografía, cada un dos personaxes ten os seus motivos para destacar e converterse no heroe dunha persoa.

Imos facer unha lista dos exemplos do principio (podes traballar coa túa parella) e despois tes que detallar as cousas que cres que fan especial o teu heroe:

Alexandre de Fistera	A Bela Otero
- aventureiro - inventor - creativo - no centro dos sucesos do seu tempo - levou unha vida complicada, pero digna - lenda viva - polifacético - ...	
Salvador de Madariaga	Prisciliano
O teu heroe	

2. Cronoloxía

Este é un xeito de contar a vida dunha persoa, pero non é o único. Tamén se pode amosar de xeito cronolóxico. Velaquí un exemplo: Lorenzo Varela, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas no 2005:

1916	Lorenzo Varela nace o 10 de agosto a bordo do buque <i>La Navarre</i> , na baía da Habana
1917	Retornada de Cuba, a familia de Lorenzo Varela instálase na parroquia de Fufín, Monterroso
1920	A familia emigra a Bos Aires
1931	Lorenzo Varela e mais a súa nai regresan outra vez a Galicia e van vivir a Lugo. Comeza a estudar bacharelato e faise amigo de Ramón Piñeiro e de Ánxel Fole
1932	Xunto con outros mozos lucenses, promove a creación do Ateneo Popular de Lugo
1933	Participa na fundación das Mocidades Galeguistas. Simpatiza co trotskismo, afíliase a Esquerda Comunista e é expulsado das Mocidades Galeguistas
1934	Participa nas mobilizacións de apoio á insurrección de Asturias. Marcha a Madrid a estudar Filosofía e Letras. Entra en contacto co grupo PAN (Poetas Andantes e Navegantes), no que participa tamén Rafael Dieste
1935	Participa nas Misiões Pedagóxicas
1936	Comeza as súas colaboracións como crítico literario en <i>El Sol</i> . Escribe <i>Diario dun fauno</i> , obra que destrúe e que nunca verá a luz
1936-39	Co inicio da Guerra Civil, é nomeado comisario político dunha brigada do V Exército, combate ás ordes de Lister. Afíliase ao Partido Comunista. Participa activamente na Asociación de Escritores Antifascistas e colabora na redacción do manifesto dos antifascistas españois. Publica artigos e poemas en <i>Hora de España</i> , <i>El mono azul</i> e <i>Ahora</i> . As súas achegas publícanse en diferentes volumes colectivos: <i>Poetas en la España leal</i> e <i>Homenaje de despedida a las Brigadas Internacionales</i>
1939	Derrotada a República, cruza a fronteira francesa e é internado no campo de concentración de Saint-Cyprien. Liberado, reside en Toulouse. En maio, embarca rumbo a México. Participa na revista <i>Taller</i> , que dirixe Octavio Paz
1940	Edita, xunto con Sánchez Barbudo, a revista <i>Romance</i> . Publica <i>Elegías españolas</i>
1941	Abandona México, camiño de Bos Aires. Na capital porteña, recíbena Rafael Dieste e Luís Seoane. Comeza a traballar como xornalista
1942	Publica <i>Torres de amor</i> , con limiar de Rafael Dieste e ilustracións de Seoane. Encárgase da secretaría da revista <i>De mar a mar</i> . Inicia a súa colaboración con Editora Nova, dirixindo varias colección súas
1943	Crea con Cuadrado e Seoane a revista <i>Correo Literario</i> . Colabora coa revista <i>Sur</i> e mais coa editorial Poseidón, para a que traduce textos de Baudelaire e escribe un ensaio sobre o poeta francés ("Actualidad de la obra crítica de Baudelaire")
1944	Escribe <i>Catro poemas pra catro gravados</i> , texto que acompañará o álbum <i>María Pita e tres retratos máis</i> , de Luís Seoane. Publica no <i>Correo Literario</i> o poema "Ofrenda a los franceses"
1946	Principia a súa colaboración coa revista <i>Cabalgata</i> , que dirixe Seoane. Publica o ensaio <i>Murillo</i> , que publica a editorial Poseidón en Bos Aires
1947	Marcha vivir a Uruguai con Estela Canto
1948	Intensifica o seu labor xornalístico e escribe numerosas críticas artísticas. Prepara unha monografía sobre Luís Seoane para a revista <i>Botella al mar</i>
1949	A súa militancia comunista impídelle exercer como profesor nos Estados Unidos
1952	Creba a súa relación con Estela Canto e retorna a Bos Aires

1954	Publica <i>Lonxe</i> e comeza a súa relación coa galerista Marika Gerstein
1955	Traballa no xornal <i>La Razón</i>
1960	Casa con Marika Gerstein. Fai unha breve viaxe a Galicia
1962	Conduce o programa radiofónico <i>Hora Once</i> , de Radio Excelsior de Bos Aires
1963	Sae do prelo <i>Homenaje a Picasso</i> , con texto de Lorenzo Varela e gravados de Romberg
1966	Publícase o seu traballo <i>Seoane o el arte sometido a la libertad</i>
1971	Publica <i>Los hombres, Dalí</i>
1972	<i>Hora Once</i> finaliza as súas emisións
1973	Realiza unha viaxe por Francia, Romanía, Holanda e Galicia, onde se atopa con Seoane
1976	Tras o golpe militar de Videla, abandona Arxentina. Reside brevemente en París e viaxa a Galicia. Da man de Isaac Díaz Pardo, bota a andar o Instituto Galego da Información, coa idea posta na edición do xornal <i>Galicia</i> . A iniciativa xornalística non calla e marcha a Madrid
1978	Morre en Madrid dun ataque ao corazón. É soterrado no cemiterio da Almudena
1979	Luís Seoane publica <i>Homenaxes póstumas</i> , no que recolle poemas inéditos de Varela. Ediciós do Castro publica un recompilatorio de Lorenzo Varela
1980	Os restos de Lorenzo Varela son trasladados ao cemiterio da parroquia monterrosina de Fufín
1988	Ediciós do Castro publica, co gallo do décimo cabodano da súa morte, <i>Lorenzo Varela: dez poemas</i>
1988	Edición Xerais publica <i>Poesía galega de Lorenzo Varela</i>
1995	Fernando Salgado dá ao prelo <i>Crónica dunha vida atormentada</i> , a biografía máis completa de Lorenzo Varela
1999	Ediciós do Castro publica <i>Ofrenda a los franceses</i> , nunha edición multilingüe
2003	Gregorio Ferreiro Fente recolle no volume <i>Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela</i> , con testemuños e achegas sobre a súa vida e obra
2004	A Real Academia Galega acorda dedicarlle o Día das Letras Galegas a Lorenzo Varela

Podes facer un esquema semellante co teu heroe.

Ano	Acontecemento

3. Redacción

Agora que temos unha idea clara de como foi a vida do teu heroe, imos preparar o artigo de opinión.

Debe ter unha extensión de, como mínimo, 250 palabras e, como máximo, 350. Nel debes mencionar os seguintes puntos:

- Por que o escolliches?
- Breve resumo biográfico e do seu carácter.
- Por que é o teu heroe?
- Cousas que fixo/fai que cres que deberíamos saber todos.
- Valores que representa para ti.

Podes buscar algo de material de apoio se o consideras necesario: unha serie de fotos, un audio ou un vídeo. O sitio no que o publicas ten versión web e podes usalo (aínda que non é imprescindible).



Guía para o profesor

1. Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades dos estudantes. Parte dos documentos adxuntos son materiais reais que non foron manipulados co fin de manter o seu formato. Nin o autor nin a Secretaría Xeral de Política Lingüística poden garantir a corrección informativa ou textual destes.
2. Os materiais para incluír no cartafol desta unidade son os seguintes:
 - Ficha de autoavaliación
 - A cronoloxía da unidade 2
 - O artigo da actividade 3

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?